



BANDO

LIMPEZA DE FINCAS PRÓXIMAS A VIVENDAS E/OU NÚCLEOS

Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, INFORMA:

Lémbrese a todas as persoas propietarias de parcelas ou inmobles que a Lei do Solo de Galicia establece a obriga de conservar e manter o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente. Igualmente, a mencionada lei contempla a obriga de conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.

En base a isto, en aras de evitar na medida do posible a iniciación de ordes de execución e co fin de garantir o correcto estado de leiras e solares deste termo municipal, así como evitar as molestias que poidan causar a leiras lindeiras e previr os incendios forestais, é fundamental o mantemento e limpeza das mesmas; así como o cumprimento das distancias con respecto do solo urbano, de núcleo rural e urbanizable, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais.

Ponse en coñecemento da veciñanza que, mediante este bando, se **insta a todas as persoas propietarias de terreos que se atopen sen limpar de maleza, lixo ou outros elementos que xeren risco de incendio ou insalubridade a que procedan ao seu adecentamento no prazo de 15 días desde a presente publicación.**

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o Concello de Barreiros executará o procedemento previsto legalmente; podendo interpoñer multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros; executar subsidiariamente ou calquera outra medida das contempladas na lexislación aplicable; sen prexuízo do procedemento sancionador que corresponda.

O que se fai público para coñecemento xeral, en Barreiros a 23 de xullo de 2019.